



<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>Programa de axudas para a adquisición de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia</b>
<b>CÓDIGO PROCEDEMENTO</b>	<b>VI501A</b>
<b>BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA</b>	DOG número 31, do 13 de febreiro de 2024. Resolución do 12 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa das axudas para a adquisición de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2024 (Código de procedemento VI501A).
<b>OBXECTO</b>	As axudas para a adquisición de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia, que comprende as seguintes tres modalidades: <ul style="list-style-type: none"><li>• Modalidade A: Adquisición de vivendas localizadas nun municipio pertencente ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia cunha poboación residente igual ou inferior a 10.000 habitantes.</li><li>• Modalidade B: Adquisición de vivendas situadas no ámbito dun centro histórico.</li><li>• Modalidade C: Adquisición de vivendas cualificadas definitivamente como vivenda protexida de protección autonómica de réxime xeral ou especial.</li></ul>
<b>PROCEDEMENTO</b>	O procedemento iníciase de oficio, mediante a correspondente resolución de convocatoria.
<b>PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES</b>	Dende o 14/02/2024 ata o 31/10/2024
<b>FORMA PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Presencialmente ou electronicamente</li></ul>
<b>INFORMACIÓN</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• SERVIZOS CENTRAIS IGVS.....981541981-981541982-981957529</li><li>• DIRECCIÓN TÉCNICA DE FOMENTO ..... 981957887 - 981957838</li></ul>
<b>CONSULTAS</b>	<a href="mailto:planificacion.igvs@xunta.gal">planificacion.igvs@xunta.gal</a>



MODALIDADE A		
<b>REQUISITOS DOS SOLICITANTES</b>	Persoas físicas maiores de idade, adquirentes dunha vivenda por contrato privado ou escritura pública.	
	Menores de 36 anos na data da solicitude ou na da compra (se é anterior á publicación da convocatoria).	
	Nacionalidade española, dun Estado membro da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, Suíza ou parentesco determinado pola normativa de aplicación (no caso de estranxeiros non comunitarios: autorización de estancia ou residencia en España).	
	Estar empadroadas na vivenda (o solicitante e a súa unidade de convivencia), no caso de que a escritura pública fose anterior á presentación da solicitude.	
	Non ser propietario nin usufrutuario dalgunha vivenda en España (o solicitante e a unidade de convivencia). Hai excepcións.	
	Ingresos anuais UC (Cálculo segundo datos fiscais de 2022)	Iguais ou inferiores a 3 veces IPREM 2023 (25.200€) (1)
Iguais ou inferiores a 4 veces IPREM 2023 (33.600 €)		Existan persoas con discapacidade distintas das indicadas no recadro seguinte.
Iguais ou inferiores a 5 veces IPREM 2023 (42.000€)		-Persoas con parálise cerebral, enfermidade mental, discapacidade intelectual ou discapacidade do desenvolvemento igual ou superior ao 33% -Discapacidade física ou sensorial igual ou superior ao 33%
<b>REQUISITOS VIVENDAS ADQUIRIDAS</b>	Adquiridas con posterioridade ao 31 de outubro de 2023 (A escritura pública ten que remitirse antes do 15 de novembro de 2024) ou adquiridas en 2023 que presentasen unha solicitude ao abeiro da convocatoria de 2023 denegada por esgotamento do crédito.	
	Situadas en concellos de Galicia cunha poboación igual ou inferior a 10.000 habitantes.	
	Que o seu prezo de adquisición sexa igual ou inferior a 120.000 € (inclúe anexos e exclúe gastos e tributos de adquisición).	
	Vivenda xa construída (tanto nova como usada).	
<b>IMPORTE SUBVENCIÓN</b>	Propietario único: Ata 10.800 € por vivenda, co límite do 20% do prezo de venda sen incluír gastos e tributos de adquisición.	
	Copropiedade: a parte proporcional en función da súa porcentaxe de participación. Se todos os copropietarios cumpren os requisitos: unha solicitude por copropietario.	



MODALIDADE B			
<b>REQUISITOS DOS SOLICITANTES</b>	Persoas físicas maiores de idade		
	Nacionalidade española, dun Estado membro da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, Suíza ou parentesco determinado pola normativa de aplicación (no caso de estranxeiros non comunitarios: autorización de estancia ou residencia en España).		
	Ingresos anuais da unidade de convivencia iguais ou inferiores a 6,5 veces IPREM 2023 (1)		
	Non ser propietario nin usufrutuário dalgũa vivenda en España (o solicitante e a UC). Hai excepcións.		
<b>REQUISITOS VIVENDAS ADQUIRIDAS</b>	Adquiridas con posterioridade ao 2 de outubro de 2023 mediante contrato privado ou escritura pública de compravenda.		
	Situadas en centros históricos enunciados no anexo da Orde da Consellería de Facenda do 1 de marzo de 2018 (DOG núm. 51, do 13 de marzo de 2018).		
	Prezo das vivendas (excluídos gastos e tributos)	Vivendas situadas nos concellos A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo (2)	Vivenda: 229.920 € Vivenda e garaxe: 248.313,60 € Vivenda e rocho: 234.518,40 € Vivenda, garaxe e rocho: 252.912 €
		Vivendas situadas nos restantes concellos (3)	Vivenda: 197.280 € Vivenda e garaxe: 213.062,40 € Vivenda e rocho: 201.225,60 € Vivenda, garaxe e rocho: 217.008 €
	Vivenda xa construída: novas, usadas e as que vaian ser obxecto de rehabilitación.		
	<b>IMPORTE SUBVENCIÓN (Límite do 20% do prezo de venda, sen incluír os gastos e tributos inherentes)</b>	Vivendas non situadas nunha Área Rexurbe	Vivendas adquiridas por menores de 36 anos: Ata 12.800 € por vivenda Vivendas adquiridas por maiores ou igual a 36 anos: Ata 10.800 € por vivenda.
		Vivendas situadas nunha Área Rexurbe declarada	15.000 € por vivenda independentemente da idade.

(1) IPREM 2023= 8.400 €  
(2) Non pode superar o prezo máximo previsto para as vivendas de protección autonómica de réxime concertado nos municipios de prezo máximo superior (1.916 €), computando unha superficie útil de 120 m2 e sen incluír os gastos e tributos inherentes a dita adquisición. Este prezo máximo incrementárase nun 8% no suposto de dispoñer de garaxe e nun 2% no suposto de dispoñer de rocho.  
(3) Non pode superar o prezo máximo previsto para as vivendas de protección autonómica de réxime concertado situadas na zona I do Decreto 402/2009, do 22 de outubro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia (1.644 €), computando unha superficie útil de 120 m2, e sen incluír os gastos e tributos inherentes a dita adquisición. Este prezo máximo incrementárase nun 8% no suposto de dispoñer de garaxe e nun 2% no suposto de dispoñer de rocho.



### MODALIDADE C

<b>REQUISITOS DOS SOLICITANTES</b>	Persoas físicas maiores de idade		
	Nacionalidade española, dun Estado membro da Unión Europea, do Espazo Económico Europeo, Suiza ou parentesco determinado pola normativa de aplicación (no caso de estranxeiros non comunitarios: autorización de estancia ou residencia en España).		
<b>REQUISITOS VIVENDAS ADQUIRIDAS</b>	Vivendas de protección autonómica de réxime xeral ou especial.		
	Que contén con resolución de cualificación definitiva na data de publicación da convocatoria.		
	Adquiridas con posterioridade ao 2 de outubro de 2023.		
<b>IMPORTE SUBVENCIÓN</b> (Límite do 20% do prezo de venda, sen incluír os gastos e tributos inherentes)	Vivendas situadas na Coruña, Santiago, Ourense, Pontevedra e Vigo	Menores 36 anos	Ata 20.000 €
		Maiores ou igual a 36 anos	Ata 16.000 €
	Vivendas situadas nos restantes municipios de Galicia	Menores 36 anos	Ata 16.000 €
		Maiores ou igual a 36 anos	Ata 12.000 €